

TFE 2026

PABLO DEL RÍO SÁNCHEZ

TROMPA



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 15 de xuño ás 19:30 no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 15 de xuño ás 18:00 na biblioteca

PROGRAMA

OBRAS

Concerto para trompa e orquestra en La menor, Op. 28 - Kurt Atterberg

1- Allegro patético

2- Adagio

3- Allegro molto

DESCANSO

En forêt, Op. 40 - Eugène Bozza

Suite para catro trompas en Fa - Eugène Bozza

1- Prélude

2- La chasse

3- Chanson ancienne

4- Danse

5- Choral

6- Fanfare

Pablo del Río Sánchez, trompa

Andrea Vilar López, piano

Notas ao programa

1. Concerto para trompa e orquestra en La menor, Op. 28 - Kurt Atterberg

O concerto para trompa e orquestra op. 28 en la menor componse no ano 1926 das mans de Kurt Magnus Atterberg aínda que a súa primeira representación non chega ata o ano 1927.

Atterberg foi un compositor e director de orquestra sueco do s. XX. Estuda vilonchelo, orquestación e composición no Conservatorio de Estocolmo e gradúase como enxeñeiro no Real Instituto de Tecnoloxía.

Este concerto consta de tres movementos (*Allegro pathético*, *Adagio* e *Allegro molto*) e foi orixinalmente escrito para o trompista Axel Malm, quen pertenceu á orquestra predecesora da Orquestra Filarmónica Real de Estocolmo.

Trátase dun concerto que propón un inicio a través de sinais moi características da trompa e no en xeral predomina o rexistro agudo da trompa. Para rematar, a modo personal este concerto mistura un misticismo nórdico, toques de jazz e unha forma tradicional de concerto.

2. En forêt, Op. 40 - Eugène Bozza

En forêt de Eugène Bozza é unha obra para trompa e piano composta en 1941 e considerada unha das pezas máis importantes do repertorio para trompa do século XX. Bozza, compositor e director francés, destacou pola súa música de cámara para instrumentos de vento, caracterizada por un estilo expresivo, brillante e influenciado pola sonoridade impresionista francesa.

Nesta obra, Bozza busca recrear a atmosfera dun bosque, transmitindo sensacións de misterio, calma e natureza salvaxe. A trompa, instrumento tradicionalmente asociado á caza e aos espazos naturais, interpreta melodías amplas e expresivas que evocan chamadas afastadas ou ecos entre as árbores. O piano crea unha ambientación rica en cores e harmonías, contribuíndo ao carácter evocador da peza.

En forêt combina momentos líricos e cantábiles con outros máis rápidos e virtuosos, mostrando tanto as posibilidades técnicas como expresivas da trompa.

3. Suite para catro trompas en Fa - Eugène Bozza

A *Suite para catro trompas en Fa* de Eugène Bozza é unha obra representativa da música de cámara para trompas do século XX. Bozza, gran coñecedor dos instrumentos de vento, compuxo esta peza explorando as posibilidades sonoras e expresivas do cuarteto de trompas, cun estilo influenciado pola tradición francesa e polo impresionismo. A suite está formada por seis movementos: *Prélude*, *La chasse*, *Chanson ancienne*, *Danse*, *Choral* e *Fanfare*.

Ao longo da peza, Bozza busca resaltar tanto o carácter heroico como o cálido e pastoral da trompa, aproveitando a riqueza tímbrica do cuarteto. A obra combina momentos líricos con outros máis virtuosos e rítmicos, esixindo gran precisión de afinación, equilibrio sonoro e coordinación entre os intérpretes. Por todo isto, converteuse nunha obra fundamental dentro do repertorio para cuarteto de trompas.

Biografía

Descubro o mundo da música grazas ao meu irmán maior, Jaime, cando comeza a tocar a tuba no Conservatorio de Betanzos e posteriormente na Banda de Betanzos, á que iamos escoitar habitualmente en familia. Como bo irmán pequeno, sigo os pasos do maior e empezo a tocar a trompa no mesmo conservatorio, aconsellado polo mestre Raúl Galán Cerveró, persoa coa que descubrín todo o magnífico que rodea o mundo da música, sobre todo as amizades que se crean co paso dos anos. Máis adiante, continúo os meus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, da man de profesores como Lluís Tur ou Adolfo Gimeno. É no quinto curso cando aparece Benjamín Iglesias, quen se converte para min nun referente en todos os ámbitos. A maneira de guiarme durante todo o proceso, con paciencia e bo facer, fíxome entender que a trompa é para o resto da miña vida unha prolongación do meu brazo dereito, e iso agradecereillo sempre. Paralelamente aos meus estudos formais, asisto a diversos cursos, clases e masterclasses con profesionais do mundo musical como Radovan Vlatkovic, Nicolás Gómez, José Miguel Asensi, Fabio Frapparelli, Estefanía Beceiro, Marcos Cruz, Lasse Mauritzen, Marta Isabella Montes, Gustavo Castro, Pau Moltó, Javier González, Alma Sarasola ou Xulio Varela, entre outros. Comezo os meus estudos no Conservatorio Superior da Coruña con Aida Lozano en setembro do ano 2022. Aida consegue ampliar a miña biblioteca musical en todo o relacionado coa trompa, ademais de axudarme e estar dispoñible en todo momento.

Agradecementos

Creo que non hai palabras para describir o agradecido que lles estou aos meus pais, Esperanza e Julián, e ao meu irmán Jaime por todo o que fixeron por min ata o día de hoxe. Por iso, vouvos dar as grazas por formar a persoa que son hoxe. A felicidade, o cariño, o amor, a forza de vontade, a educación, o respecto... todo isto e moito máis aprendino na casa, e é grazas a vós.

Quero agradecerlle ao resto da miña familia, ás miñas tías, tíos, primas e primos, que sempre son os primeiros en dar a cara por min e demostrarme que a familia é o primeiro.

Por suposto, doulle as grazas a Mariluz e a Lucita, a miña avoa adoptiva. Medrar rodeado de tanto amor e cariño só podía levarme polo bo camiño, grazas.

Ibsa, Javi, Martín, Laura, Alba, Roque, Lorena, Javimei, Alba, Diego, David, sodes persoas que me enchedes cada día. Se en algo tiven sorte foi en atoparvos a todos en cada punto do camiño.

Douilles as grazas a Raúl, a Benxa e a Aida por ensinarme que o mundo da música é o máis bonito de todos e por saber guiarme en cada momento da miña carreira musical.

Por último, quero agradecervos a todos aqueles que non mencionei o feito de formar parte da miña vida.

DESEFRUTEN